



Avivando o remol

Rubén Aramburu Molet



Dende unha perspectiva pastoral recollo esta invitación de *Encrucillada* para reflexionar sobre a realidade e situación das nosas comunidades cristiás e concretamente en Galicia. Boto a vista atrás cando hai uns 40 anos vivín a experiencia dunha igrexa totalmente distinta: as parroquias estaban cheas de mozos, grupos de confirmación de 70 ou 100 persoas cada ano, campamentos, convivencias, viaxes e mil actividades máis... Na maior parte das parroquias nas que celebro misa os domingos, son a persoa máis nova, con 54 anos!

O das igrexas baleiras é un fenómeno xa vello en Europa. Non hai moito pasei unha tarde de domingo no centro de Roma e entrei nalgunhas igrexas que celebraban a misa vespertina: grupos de 15 ou 20 persoas de idade e un clero tamén avellentado. O proceso de secularización é imparabile no vello mundo; con todo, a nós chegounos algo tarde pero cunha velocidade inimaxinable e sen capacidade de reacción por parte da igrexa. Como avivar o remol? Entenderedes que non teño receitas máxicas, oxalá... pero pousarei a mirada nalgunhas realidades e algunhas causas seguindo o ritmo poético do lume prendido no fogar.

1.- A leña

As fincas do igrexario aportaron leña ao lume da reitoral durante moitos anos. Unha semana de esforzo no verán aseguraba lume para todo o ano. Pero se non coidas o bosque, non volves plantar, a leña pode esgotarse. Poden tamén fallar as forzas co paso dos